

- O resto de condicións son as de a ordenanza N° 2 do Plan Xeral.
- Alturas B+2.”

En Tui a 29 de Maio de 2012.—O Alcalde-Presidente, Moisés Rodríguez Pérez.

2012005640

* * *

VILAGARCÍA DE AROUSA

E D I C T O

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 28 de maio de 2012, o expediente nº 02/2012 de modificación de crédito por crédito extraordinario, financiado cunha operación de endebedamento concertada ao abeiro do RD Lei 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se determinan as obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pago a provedores das entidades locais, por importe de 1.090.429,10 euros para atender aos gastos derivados das facturas comprendidas na relación certificada de débeda e nos certificados individuais confeccionados ao abeiro do artigos 3 e 4 do citado RD Lei 4/2012.

En cumprimento do disposto nos artigos 169.1 e 177.2 do Real Decreto Lei 2/2004 de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e disposicións concordantes, exponse ó público na Intervención deste Concello, por prazo de quince días hábiles que comezarán a contarse dende o seguinte ó da inserción do presente Edicto no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante o mesmo, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde desta Corporación.

Vilagarcía de Arousa, 30 de maio de 2012.—O Alcalde, Tomás J. Fole Díaz.

2012005645

A N U N C I O

O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa, en sesión ordinaria celebrada o día trinta de marzo de dous mil doce, acordou aprobar con carácter inicial a Ordenanza Reguladora do procedemento de exercicio de actividades mediante comunicación previa e declaración responsable.

De conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, expúxose ao público polo prazo de trinta días, así como mediante o seu anuncio no Boletín Oficial da Provincia (núm. 78 do 23 de abril de 2012) e contra o mesmo non se produciron alegacións elevándose a definitivo o acordo provisional do teor literal seguinte:

ORDENANZA REGULADORA DO PROCEDEMENTO DE EXERCIZO DE ACTIVIDADES MEDIANTE COMUNICACIÓN PREVIA E DECLARACIÓN RESPONSABLE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A transposición ou incorporación ó ordenamento xurídico da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2006, relativa ós servizos no mercado interior, efectúese polo Estado, fundamentalmente, a través de dúas leis que son a Lei 17/2009, de 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e a Lei 25/2009, de 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Pola súa parte, no ámbito autonómico aprobouse a Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva.

O obxecto desta recente normativa é garantir o libre acceso ás actividades de servizos realizadas no territorio español por prestadores establecidos en España ou en calquera outro Estado membro da Unión Europea, simplificando os procedementos e fomentando ó mesmo tempo un nivel elevado de calidade nos servizos, promovendo un marco normativo transparente, predecible e favorable para a actividade económica, impulsando a modernización das Administracións Públicas para responder ás necesidades de empresas e consumidores e garantindo unha mellor protección dos dereitos dos consumidores e usuarios de servizos.

No ámbito da Administración Local, a transposición da Directiva require un estudo dos procedementos administrativos que regulan o outorgamento de autorizacións e licenzas coa finalidade de simplificar e axilizar trámites administrativos e, así mesmo, unha modificación das Ordenanzas que regulan ditas autorizacións.

Constitúe polo tanto a finalidade desta ordenanza a eliminación de obstáculos técnico-xurídicos non obrigatorios que dificulten a posta en funcionamento de actividades económicas, a simplificación administrativa mediante a eliminación de procedementos que non sexan necesarios ou a substitución por alternativas que resulten menos gravosas para os prestadores, partindo da presunción de veracidade da documentación aportada por parte dos cidadáns. Se pretende que o principio de autorización previa por parte da Administración para poñer en funcionamento un establecemento mercantil ou industrial, se de excepcionalmente, cando concorran circunstancias imperiosas e inequívocas de interese xeral, que só se esixira de forma necesaria, proporcionada e non discriminatoria. A regra xeral é que o prestador do servizo poida operar dende o mesmo intre en que notifica o cumprimento dos requisitos necesarios para levar a cabo a actividade, sen necesidade de esperar á finalización do control municipal de verificación do cumprimento da normativa reguladora, o cal se mantén aínda que se articule a posteriori, e esixíndose unha declaración responsable soamente para aqueles casos nos que a actividade a desenrolar require un maior nivel de control.

De este modo, a presentación da comunicación previa e a declaración responsable non suporá unha autorización administrativa para exercer unha actividade, senón un medio para que a Administración coñeza a existencia de dita actividade e activar os mecanismos de control pertinentes.

ARTIGO 1º. – OBXECTO

A presente ordenanza ten por obxecto regular o procedemento de autorización de funcionamento para determinadas actividades que, pola súa menor entidade, someteranse unicamente a comunicación previa ou declaración responsable, previstas no artigo 3 da Lei 17/2009, de 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio,

Con esta ordenanza tratase de acadar a simplificación administrativa nos mecanismos de control das actividades que se desenvolvan neste Concello, sen que isto supoña menoscabo para os intereses xerais recoñecidos por lei, tales como a protección da saúde pública, do medio ambiente, dos dereitos dos traballadores ou os dos consumidores.

ARTIGO 2º. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Esta Ordenanza Municipal aplicarase no procedemento para a posta en funcionamento de actividades comerciais, industriais ou de servizos que se implanten no termo municipal de Vilagarcía de Arousa. Concretamente, se trata de dous procedementos claramente diferenciados: o primeiro deles, é o da simple Comunicación Previa e, no seu caso, Declaración Responsable presentada neste Concello, como desenrolo da Directiva 2006/123/CE de 12 de decembro e a Lei 17/2009 de 23 de novembro; o segundo dos procedementos darase naqueles supostos nos que concorra unha razón imperiosa de interese xeral, sendo necesaria para a posta en funcionamento a obtención da licenza Municipal.

Ambos procedementos conlevan o control previo ou posterior ó inicio da actividade, por parte da Administración, a efectos de verificar o cumprimento da normativa de aplicación.

ARTIGO 3º.—DEFINICIÓNS

Ós efectos establecidos na presente Ordenanza, se entende por:

1. Comunicación previa.—Documento mediante o que os interesados poñen en coñecemento do Concello os seus datos identificadores e demais requisitos esixibles para o exercicio dun dereito ou o inicio dunha actividade, e que permite acceder a unha actividade comercial ou de servizos.

2. Declaración responsable.—Documento suscrito polo interesado no que manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para acceder ó recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio, e que permite acceder a unha actividade comercial ou de servizos.

3. Licenza de apertura (ou funcionamento).—Autorización municipal que permite comezar a actividade tras comprobar que os establecementos e instalacións correspondentes reúnen as condicións idóneas de tranquilidade, seguridade, salubridade e accesibilidade, se axustan ós usos determinados na normativa e planeamento urbanístico, así como calquera outro aspecto establecido na normativa sectorial aplicable. E dicir, se trata dun acto expreso ou tácito do órgano competente do Concello que se esixe, con carácter previo, para o acceso a unha actividade comercial ou de servizos.

ARTIGO 4º. ACTIVIDADES SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA

Estarán sometidas ao trámite de comunicación previa as seguintes actividades:

- a) Establecementos comerciais ou de servizos cunha superficie de ata 150m².
- b) Academias de ensino, regradas e non regradas, de ata 150 m² de superficie construída, agás academias de baile, música ou canto.
- c) Despachos profesionais (Despachos de avogados, arquitectos e similares) que se desenvolvan en locais ou establecementos que non excedan de 150m² de superficie construída.
- d) Oficinas administrativas cunha superficie de ata 150 m²
- e) Almacéns de produtos non tóxicos, nin potencialmente inflamables, ata 150 m².
- f) Actividades de carácter non mercantil ou industrial das que sexan titulares os órganos da Administración pública ou entidades sen animo lucro ata 150 m²
- g) Cambios de titularidade.

ARTIGO 5º. ACTIVIDADES SUXEITAS A DECLARACIÓN RESPONSABLE

Estarán sometidas ao trámite de declaración responsable as seguintes actividades:

- a) Establecementos comerciais ou de servizos entre 150 m² e 400m² de superficie e 15 Kw de potencia mecánica instalada.
- b) Despachos profesionais (Despachos de avogados, arquitectos e similares) de máis de 150m² ata 400m² de superficie e 15 Kw de potencia mecánica instalada.
- c) Almacéns de obxectos e materiais entre 150 m² e 400m² excepto os de produtos químicos ou farmacéuticos, combustibles, lubricantes, fertilizantes, praguicidas, herbicidas, pinturas, vernices, ceras ou pneumáticos.
- d) Residencias de anciáns, centros de día e escolas infantís, salvo que dispoñan de instalacións tales como cocinas, piscinas, depósitos de combustibles, etc...

ARTIGO 6º. CONTIDO DA COMUNICACIÓN PREVIA E DA DECLARACIÓN RESPONSABLE

1.—A comunicación previa debe incluír:

- a) O impreso normalizado que lle será facilitado polo Concello
- b) No caso de que se trate dunha sociedade, deberá acompañarse escritura de constitución da mesma.

- c) A situación exacta do local onde se desenrolara a actividade.
- d) A descrición da actividade, superficie do local e indicación do grupo ou epígrafe fiscal a que pertenza a actividade.
- e) Documento acreditativo da dispoñibilidade do local (contrato de arrendamento, escritura de compravenda, etc..)
- f) Fotocopia da póliza de seguro de responsabilidade civil.
- g) Abono das taxas correspondentes pola actividade inspectora levada a cabo polos servizos técnicos municipais.

Ademais, a comunicación previa deberá vir acompañada de plano de situación e emprazamento do Plan Xeral de Ordenación Municipal, plano de planta que reflecta a distribución do local con indicación de usos, superficies e mobiliario e memoria xustificativa expedida por técnico competente que acredite que o local e a actividade a desenvolver cumpre a normativa aplicable.

2.-A declaración responsable debe incluír:

- a) O impreso normalizado que lle será facilitado polo Concello
- b) No caso de que se trate dunha sociedade, deberá acompañarse escritura de constitución da mesma.
- c) A situación exacta do local onde se desenrolara a actividade.
- d) A descrición da actividade, superficie do local e indicación do grupo ou epígrafe fiscal a que pertenza a actividade.
- e) Documento acreditativo da dispoñibilidade do local (contrato de arrendamento, escritura de compravenda, etc..)
- f) Fotocopia da póliza de seguro de responsabilidade civil.
- g) Abono das taxas correspondentes pola actividade inspectora levada a cabo polos servizos técnicos municipais.
- h) Declaración, baixo a súa responsabilidade, de que a actividade vai desenvolverse de acordo coa normativa aplicable e que o local cumpre a normativa urbanística e a que sexa de aplicación en cada caso.

A declaración responsable deberá vir acompañada de proxecto técnico de actividade, firmado por técnico competente, xustificativo da actividade, do establecemento e das instalacións do mesmo (electricidade, ventilación, protección contra incendios, accesibilidade, acústica, etc).

ARTIGO 7º TRANSMISIÓNS

Para os cambios de titularidade no exercicio dunha actividade, deberán achegarse os datos identificativos da actividade e local do que se pretenda a transmisión, copia do título que ampare dita transmisión e autorización asinada polo anterior titular da actividade.

ARTIGO 8ª ACTIVIDADES SUXEITAS A LICENZA DE APERTURA OU ACTIVIDADE

Quedan excluídas dos procedementos de comunicación previa e declaración responsable, as actividades que por razóns imperiosas e inequívocas de interese xeral fagan necesaria a previa obtención de licenza municipal de apertura ou actividade, ben por razóns de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico-artístico, por motivos de seguridade ou saúde públicas, ou que impliquen o uso privativo ou ocupación de bens de dominio público.

2. Atópanse nos supostos previstos no parágrafo anterior as seguintes actividades:

- a) Aquelas actividades excluídas expresamente do ámbito de aplicación da directiva 2006/123/CE.
- b) As que atopen incluídas no Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, modificado posteriormente por Decreto 160/2005.
- c) As actividades sometidas ó decreto 133/08 que regula o procedemento de avaliación de incidencia ambiental.

- d) As que requiran autorización ou informe previo e preceptivo doutra administración (protección do medio ambiente, patrimonio histórico artístico, augas...)
- e) Aquelas actividades que precisen inspección sanitaria previa sobre condicións hixiénico-sanitarias antes da posta en funcionamento da actividade.
- f) As estacións base de telefonía móbil e as antenas de telefonía.
- g) As actividades e servizos non suxeitos ao trámite de comunicación previa ou declaración responsable, e polo tanto non incluídos nas relacións contidas nesta ordenanza.

ARTIGO 9.—OBRAS DE ADAPTACIÓN OU ACONDICIONAMENTO DO LOCAL

Naqueles casos nos que sexa necesaria a realización de obras de adaptación ou acondicionamento do local, deberá solicitarse a preceptiva licenza municipal, aínda que se trate dunha actividade das suxeitas os procedementos de comunicación previa ou declaración responsable.

Non obstante, aquelas actuacións de escasa entidade técnica e construtiva, que non fagan necesaria a presentación dun proxecto técnico e nas que non exista a necesidade de controlar aspectos urbanísticos, de accesibilidade ou de seguridade, como as de substitución do pavimento, pintura, tarefas de adecentamento e limpeza dos locais, substitución de sanitarios e similares, poderán incluírse na correspondente comunicación previa ou declaración responsable da actividade, achegando unha memoria descritiva das obras que se van realizar, o orzamento por capítulos, plano de situación e emprazamento do Plan Xeral de Ordenación Municipal, así como o abono das taxas e tributos correspondentes á realización das obras.

ARTIGO 10.—PROCEDIMENTO

A tramitación dos procedementos mediante declaración responsable ou comunicación previa queda establecida da seguinte maneira:

1. A comunicación previa ou a declaración responsable deberá efectuarse en documento normalizado, acompañado da documentación prevista no artigo 6 desta ordenanza.

2. O rexistro da documentación completa no Concello, equivalerá á toma de coñecemento por parte da Administración Municipal e facultará ó titular da actividade para comezar a exercela, sen prexuízo de que polos técnicos municipais se fagan posteriormente as visitas de inspección necesarias para comprobar que tanto o local, como a actividade a exercer, se axustan a normativa aplicable e que se corresponde coa documentación presentada.

Así mesmo, a comunicación previa poderá presentarse dentro do prazo de quince días posterior ó inicio da actividade.

3. Unha vez examinada a documentación, se non se corresponde na súa totalidade coa prevista no artigo 6, ou se fose necesario corrixir aspectos técnicos da documentación aportada, requiriráselle ó titular da actividade que achegue nova documentación que corrixa ditas deficiencias, concedéndolle para isto o correspondente prazo de emendas previsto no artigo 71 da Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No caso de que ditas deficiencias no sexan corrixidas no prazo legalmente concedido, procederase a ordenar o peche do establecemento.

4. Toda actividade cuxa posta en funcionamento se efectúe mediante o acto de comunicación previa, con ou sen declaración responsable, poderá ser obxecto de control posterior por parte dos servizos técnicos municipais. Este control consistirá en verificar o cumprimento da normativa reguladora da actividade, declarándose dita circunstancia en Resolución emitida ó efecto polo órgano municipal competente.

5. A resolución que declare que se ha efectuado o control dunha actividade en funcionamento, verificando o cumprimento da normativa reguladora da mesma, será exposta á vista do público no lugar onde se desenrole a actividade. Ata tanto non se notifique a citada resolución, esta se substituirá pola xustificación da presentación da comunicación previa ou declaración responsable, debidamente dilixenciada a súa entrada no Concello.

ARTIGO 11.—PRAZOS

As funcións inspectoras por parte dos servizos técnicos municipais levarase a cabo nun prazo máximo de tres meses dende a data de presentación da comunicación previa ou declaración responsable.

Non obstante, non se entenderán adquiridas por silencio administrativo as licenzas para aquelas actuacións que estean en contra do disposto na lexislación ou no planeamento urbanístico.

ARTIGO 12.—PECHE DO ESTABLECEMENTO

Naqueles supostos en que se exerza unha actividade sen que se houbera presentado a comunicación previa ou declaración responsable, ou cando non se cumpra a normativa aplicable, ordenarase o peche do establecemento, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador previsto na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Así mesmo, conforme ó previsto no apartado 2 do Artigo 7 da Lei 17/2009, de 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercizo a comprobación por parte da Administración Pública da inexactitude ou falsidade en calquera dato, manifestación ou documento de carácter esencial que se houbera aportado ou do incumprimento dos requisitos sinalados na lexislación vixente determinará a imposibilidade de continuar co exercizo do dereito ou actividade dende o intre en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMERA

As obrigas tributarias derivadas das actuacións municipais de Control Previo ou Posterior regulado nesta Ordenanza Municipal, se rexerán pola “Ordenanza Fiscal nº 3”.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA

En relación cos procedementos de autorización iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta Ordenanza, os interesados poderán continuar a tramitación dos mesmos polos procedementos regulados na presente, mediante comunicación a este Concello.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA ÚNICA

Quedan derogadas cantas disposicións municipais de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido nesta Ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

A entrada en vigor da presente Ordenanza Municipal, se producirá, unha vez se publique enteiramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días a que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Vilagarcía de Arousa, a 31 de maio de 2012. — O Alcalde, Tomás Javier Fole Díaz.

2012005650

A N U N C I O

O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa, en sesión ordinaria celebrada o día trinta de marzo de dous mil doce, acordou aprobar con carácter inicial a Modificación dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo.

De conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, expúxose ao público polo prazo de trinta días, así como mediante o seu anuncio no Boletín Oficial da Provincia (núm. 78 do 23 de abril de 2012) e contra o mesmo non se produciron alegacións elevándose a definitivo o acordo provisional do teor literal seguinte:

Modificación dos Artigos 26 e 29 dos citados estatutos quedando do seguinte xeito:

- a) *Artigo 26. Da natureza xurídica e duración da relación de servizos.*

O cargo de Xerente poderá ser desempeñado:

- a. Por persoal eventual en posesión do título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente.
- b. Por un empregado público do Concello de Vilagarcía de Arousa en posesión título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente.

Neste suposto o devandito nomeamento conlevará a atribución das funcións de Xerente que se contemplan nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo e o mantemento do posto e retribucións económicas do que é titular o empregado público, segundo o cadro de persoal e catálogo de postos de traballo.

- b) Artigo 29 j) Informa-los proxectos de obras e servizos cos apoios técnicos que foran necesarios.

Vilagarcía de Arousa, a 31 de maio de 2012.—O Alcalde, Tomás Javier Fole Díaz.

2012005651

E D I C T O

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 28 de maio de 2012, o expediente de cambio de finalidade nº 1/2012 do Remanente de Tesourería afectado, coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos; expediente de modificación de crédito por crédito extraordinario nº 1/2012, financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente por importe de 126.208,69 euros para atender os gastos derivados dos seguintes Proxectos:

Nº OBRA	DENOMINACIÓN	ANUALIDADE	PARTIDA
001/12	Aportación municipal acondicionamento hidráulico do Rio Con na rúa Florida en Vilagarcía de Arousa, anualidade 2012	44.208,69 €	172-753
002/12	Adquisición novo Programa de Contabilidade Pública Municipal.	70.000,00 €	927-64100
003/12	Adquisición equipos informáticos para instalación do programa de contabilidade pública.	12.000,00 €	927-62600
TOTAL		126.208,69 €	

En cumprimento do disposto nos artigos 169.1 e 177.2 do Real Decreto Lei 2/2004 de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e disposicións concordantes, expónse ó público na Intervención deste Concello, por prazo de quince días hábiles que comezarán a contarse dende o seguinte ó da inserción do presente Edicto no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante o mesmo, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde desta Corporación.

Vilagarcía de Arousa, 29 de maio de 2012.—O Alcalde, Tomás J. Fole Díaz.

2012005646

O. R. A. L.

XESTIÓN TRIBUTARIA E CATASTRAL

Expedientes sancionadores de Tráfico dos concellos de:

GONDOMAR

E D I C T O

*ASUNTO: NOTIFICACIÓN DE INICIACIÓN DE EXPEDIENTES
SANCIONADORES EN MATERIA DE TRÁFICO*

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, por non terse podido practicar a notificación no último domicilio coñecido, fanse públicas as seguintes notificacións de incoación de expedientes sancionadores en materia de tráfico que esta Alcaldía inicia no exercicio das súas atribucións conferidas polo art. 73.1 da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria (en diante LTSV), e nos que actúa como instrutor o Departamento de Sancións deste Concello.